

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE XANEIRO DE 2014

LICENZAS

LIC/538/2013.- ALFONSO SENDE SENDE.- Conceder licenza para construción dun galpón en Lg. Lobio, 17.

LIC/645/2013.- MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ CASAL.- Conceder licenza para construción dun galpón en Lg. Gunin, 2.

LIC/1088/2013.- ANA M^a VIDAL DOPAZO.- Conceder licenza para construción dunha edificación auxiliar para alpendre na Rúa Rial de Conxo, 50.

LIC/1579/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza de instalación de ascensor para a mellora de accesibilidade na Rúa Doutor Teixeiro, 26.

LIC/1664/2013.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para reparación da tarima da igrexa do convento de Santa Clara na Rúa Santa Clara.

LIC/1681/2013.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para interverción no enreixado das ventás da fachada principal do convento de Santa Clara (Fase 2) na Rúa Santa Clara.

CAMBIO DE USO

LIC/1725/2013.- ALFONSO FREIRE BENITO.- Conceder o cambio de uso de oficina a vivenda do local sito na Praza Nosa Señora da Merce de Conxo, 10-1^o A.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1774/2013.- M^a JESÚS SAAVEDRA PEREIRA.....LIC/2500/2001 3.000 €

4.- Recepción de obras.

Aprobáronse os trámites para a recepción das obras de Reparación e mantemento do edificio de Servizos do Parque Eugenio Granell unha vez foron rematadas.

5.- Recuperación da caseta NC 84 da Praza de Abastos, da que era titular Jose M^a Quintela Sánchez, falecido o 03-03-1995.

Recupérase a caseta.

6.- Recuperación da caseta NC98 da Praza de Abastos, da que era titular Purificación Amboage Piñor, falecida o 15-07-1978.

Recupérase a caseta.

7.- Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercizo 2014.

A XGL aprobou a solicitude de subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección do emprego no exercizo 2014. Esta subvención servirá para sufragar, ata un máximo de 20.000 €/ano, os gastos de retribución e de Seguridade Social do persoal contratado para estes fins.

8.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación da realización do programa "Compostela actúa".

A proposta da Concelleira de Xuventude a XGL aprobou o programa "Compostela actúa". Con esta acción levaranse a cabo actividades formativas e de ensaio nas que os mozos e mozas da cidade con inquedanzas nos tres ámbitos poidan participar libremente creando un grupo cohesionado que manteña estas actividades ao longo do tempo. A finalidade pois é crear un movemento grupal, que dea cabida a toda a xuventude, para fortalecer a relación entre eles. O custe deste Programa é de 11.979 €.

9.- Solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas correspondente ao exercizo 2014.

A XGL aprobou a solicitude de subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas correspondente ao exercizo 2014. As especialidades para as que se piden son: electricidade, redes de auga, climatización, Recursos Humanos, homologación e tratamento de datos e Eficiencia enerxética de edificios. Esta subvención afrontará os custes destes cursos ao 100%.

10.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á corrección de erros no contrato de subscripción dunha póliza de seguro para a cobertura do risco colectivo de accidente dos empregados municipais (lote II).

A XGL aprobou correxir o erro no contrato de subscripción dunha póliza de seguro para a cobertura do risco colectivo de accidente dos empregados municipais (lote II) e donde poñía que "O prezo do contrato para o período comprendido entre o 1/05/13 ata as 24 horas do 31/03/14...debe dicer...ata as 24 horas do 30/04/14".

11.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá relativa a instrucción de uso dos equipamentos socioculturais.

12 a 66.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

67.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á retroacción de accións e execución de sentenza no expediente de "proyecto de expropiación para a xestión do SUNP-5 (A Muíña).

Á vista da sentenza do xulgado do contencioso-administrativo na que estima parcialmente o recurso presentado contra o acordo da XGL de Santiago do 28 de outubro de 2008 no que se resolven os recursos contra a aprobación definitiva do proxecto de expropiación do SUNP-5 A Muíña, a XGL aprobou retrotraer o procedemento administrativo da expropiación do SUNP-5, no particular relativo á determinación da parcela 28 como litixiosa, ata o momento de interposición dos recursos.

68.- Dar conta da aprobación pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión de asignación de transferencias finalistas correntes para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

Deuse conta á XGL da aprobación pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión de asignación de transferencias finalistas correntes para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios por un importe de 117.277,23 € que permite a contratación dunha educadora social e 10 traballadores sociais.

69.- Dar conta do abono de subvencións concedidas pola Deputación Provincial da Coruña.

Dáse conta.